


CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO



Marta M^ª Riobó Ibañez, secretaria do Consorcio do Casco Vello de Vigo

CERTIFICO:

Que o Comité do Consorcio Casco Vello de Vigo na sesión ordinaria do día oito de abril de dous mil dez, por unanimidade dos seus membros adoptou, entre outros o seguinte acordo, que a continuación se transcribe:

Adxudicación provisional á empresa "VARELA VILLAMOR CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN" das obras de rehabilitación do inmovible sito na rúa Santiago 19

Adxudicar provisionalmente á empresa "VARELA VILLAMOR CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN" a contratación das obras de rehabilitación de Santiago, 19 por un importe de OITENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMO DE EURO (85.263,31 euros) ao que engadindo o IVE(5.968,43€) fai un total de NOVENTA E UN MIL DOUSCENTAOS TRINTA E UN EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (91.231,74€ iva INCLUÍDO), e un prazo de execución de CATRO MESES E TRES ANOS de garantía . Todo isto de acordo coa oferta, co proxecto e o prego de prescipcións técnicas e de Cláusulas Administrativas aprobados polo Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, por considerar que a proposición de dita empresa é a oferta mais vantaxosa para o Consorcio Casco Vello de Vigo. A adxudicación provisional considerarase elevada a definitiva no suposto de que no prazo de quince días hábiles contados dende a publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, non se presentara ningunha reclamación e polo adxudicatario se aporten no mesmo prazo contado desde a notificación os documentos esixidos no Prego de condicións previos a adxudicación definitiva. O cumprimento destes requisitos deberá ser garantido coa incorporación ao expediente de certificación emitida pola Secretaria do Consorcio neste senso, e a conformidade do Xerente.

A resolución de adxudicación definitiva será publicada no perfil de contratante, así como notificada directamente ao adxudicatario e aos restantes licitadores.

E para que así conste e surta os seus efectos, expido a presente coa advertencia dos artigos 27.5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992 e 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións locais de 28 de novembro de 1986, a reserva dos términos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Vigo, a nove de abril de dous mil dez.

Vº e Pr.

A presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo



Lucía M. Mares Pérez

CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO